

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,  
O 5 DE SETEMBRO DE 2013,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se regula a aplicación do sistema voluntario de etiqueta ecolóxica da UE na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: actualización e terminación das obras de acceso ao porto de Burela.

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.

**CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Decreto polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR**

- Decreto polo que se declara de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Oubiña, 2º sector (Cambados-Pontevedra).

## ACORDOS

### VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación, suxeita a regulación harmonizada, polo procedemento aberto e tramitación ordinaria, da actualización tecnolóxica de software de servidor, *backoffice* e escritorio existente en diferentes organismos e entes dependentes da Xunta de Galicia por un orzamento de licitación de cinco millóns trescentos corenta e un mil oitocentos trinta e sete euros con trinta e cinco céntimos (5.341.837,35 euros).

### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense e o Consorcio de augas de Valdeorras para a xestión do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais na comarca de Valdeorras, por un importe total de seiscentos trinta e un mil cento oitenta e catro euros con trinta e dous céntimos (631.184,32 euros); e a modificación das porcentaxes previstas no artigo 6 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polas que se regulan especialidades nas subvencións locais galegas e no artigo 63 do regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a axencia estatal Consejo Superior de Investigaciones Científicas, para a realización de estudos de control de calidade das augas costeiras de Galicia, por importe de cento corenta mil euros (140.000 euros), cofinanciado nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional.

### CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, e o clúster de lousa de Galicia para a execución de proxectos de loita contra o po de sílice e a exención de prestación de garantías, por importe de trescentos cincuenta mil euros (350.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Asociación Clúster do Granito de Galicia para a execución dun plan de acción de loita contra o sílice e a exención de prestación de garantías, por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as universidades da Coruña, de Santiago de Compostela e de Vigo para participar no Programa de competencias profesionais para investigadores galegos, por un importe total de cento oitenta e tres mil trescentos euros (183.300 euros).
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación da obra de construción dun novo CEIP en Oleiros (A Coruña), cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, eixe 6, tema prioritario 75, por un importe total de cinco millóns cincuenta e catro mil douscentos oitenta e catro euros con corenta e sete céntimos (5.054.284,47 euros, IVE incluído).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro, sobre a promoción das ensinanzas de formación profesional da familia de sanidade, por un importe total de trinta e seis mil euros (36.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio, asinado o 24 de novembro de 2005, entre a extinta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada sobre a colaboración educativa nas ensinanzas da familia profesional, por un importe total de trinta mil cincuenta euros (30.050,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción da addenda ao convenio, asinado o 11 de setembro de 2012, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Fundación Laboral de la Construcción sobre a colaboración educativa nas ensinanzas da familia profesional de madeira, moble e cortiza, por un importe total de trinta mil euros (30.000,00 euros).

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Acordo de autorización da contratación do servizo de mantemento integral dos equipos de alta tecnoloxía da marca General Electric instalados nos centros dependentes da Consellería de Sanidade, Servizo Galego de Saúde e Galaria, EPSS, S.A. (NI-SER1-13-018), por un importe de dous millóns oitocentos setenta e nove mil trescentos un euros con corenta e oito céntimos (2.879.301,48 euros) e un valor estimado de cinco millóns setecentos once mil once euros con vinte céntimos (5.711.011,20 euros).

## **CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, e o Concello de Muíños, para a posta en funcionamento dun centro de día residencial. Importe total: cento oitenta mil euros (180.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, e o Concello de Montederramo, para a posta en funcionamento dun centro de día-residencia. Importe total: un millón trescentos noventa e tres mil seiscentos trinta e tres euros (1.393.633 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, e o Concello de Cualedro, para a posta en funcionamento dun centro de día. Importe total: setecentos vinte mil euros (720.000 euros).
- Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, e o Concello de Leiro para a posta en funcionamento dun centro de día. Importe total: un millón catro mil trescentos trinta e seis euros (1.004.336 euros).
- Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Traballo e Benestar, e o Concello de Palas de Rei para a posta en funcionamento dun centro de día residencial. Importe total: catrocentos mil euros (400.000 euros).

## **INFORMES**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Informe sobre a evolución de pagamentos no 2013.

### **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Informe polo que se dá conta ao Consello da Xunta da declaración de emerxencia da obra de reposición de servizos na AC-840 (rúa Rambla de San Pablo) en Melide, por unha contía de douscentos sesenta e dous mil oitocentos noventa e nove euros con setenta e nove céntimos de euro (262.899,79 euros).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Informe sobre a convocatoria de axudas do programa Conecta Pemes para fomentar a cooperación público-privada en proxectos de I + D.

## **CONSELLO DA XUNTA APROBOU HOXE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE ESTABLECE A ORDENACIÓN DOS CAMPAMENTOS DE TURISMO EN GALICIA**

- *O novo texto inclúe novidades relacionadas coa simplificación administrativa. Elimínase a selaxe de prezos, a obriga de contar cun director/a, así como as contías mínimas nos seguros de responsabilidade profesional*
- *Simplifícanse as categorías ao pasar de catro a tres e establécese o distintivo de Campamento de turismo verde*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia. A Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, remite a un posterior desenvolvemento regulamentario. A aprobación do novo decreto obedece, ademais, á necesidade de adaptación da regulamentación dos campamentos de turismo ao previsto na Directiva de servizos, relativa aos servizos no mercado interior.

Na actualidade os campamentos de turismo regúlanse polo Decreto 143/2006, do 27 de xullo, polo que se establece a ordenación dos campamentos de turismo en Galicia. O novo proxecto de decreto aprobado hoxe inclúe novidades relacionadas coa simplificación administrativa de xeito que se eliminan imposicións como a selaxe de prezos, a obriga de contar cun director ou directora ou as contías mínimas nos seguros de responsabilidade profesional.

No tocante á selaxe de prezos, o novo decreto establece que son substituídos por unha axeitada publicidade destes. De igual modo, simplifícanse as categorías ao pasar de catro a tres.

No proxecto de decreto establécese para os campamentos de categoría superior a obriga de dispor dunha área para autocaravanas e caravanas en tránsito, con toma de auga e vertedoiros para a evacuación do contido de WC químicos, ademais de recoller de maneira específica as autocaravanas como elementos de aloxamento dentro dos campamentos de turismo.

### **Campamento de turismo verde**

Establécese tamén o distintivo de Campamento de turismo verde, que poderá outorgar a Axencia Turismo de Galicia aos campamentos que cumpran, ademais dos requisitos para a súa clasificación nalgunha das categorías previstas na norma, o feito de contar con algunha das seguintes clasificacións:

-Certificación baixo a norma UNE 184001:2007 de cámpings e cidades de vacacións ou norma que a substitúa.

- Acreditación de ter concedida a etiqueta ecolóxica da UE aos servizos de campamento de turismo.
- Ter concedida a marca Q de calidade turística española a campamentos de turismo.
- Contar, de acordo co Regulamento (CE) nº 1221/2009, do Parlamento Europeo e do Consello do 25 de novembro, coa implantación do sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental e a inscrición no rexistro EMAS.
- Certificación baixo a norma UNE-EN ISO 14001:2004 de sistemas de xestión ambiental ou norma que a substitúa.

## **APROBADO O DECRETO REGULADOR DO SISTEMA DE ETIQUETA ECOLÓXICA, QUE ACREDITA QUE OS PRODUTOS GALEGOS CUMPREN OS CRITERIOS EUROPEOS DE CALIDADE AMBIENTAL**

- *A crecente demanda xurdida na Comunidade Autónoma galega para a obtención da etiqueta ecolóxica da UE, que ten carácter voluntario, fai necesario levar a cabo o seu desenvolvemento normativo*
- *Esta norma será aplicable a aqueles bens ou servizos subministrados para a distribución, o consumo ou a utilización no mercado galego, xa sexa mediante pagamento ou de forma gratuíta*
- *A etiqueta ecolóxica da UE é un instrumento eficaz para orientar o consumidor cara a aqueles bens e servizos que acreditan revestir un menor impacto ambiental na súa comercialización e prestación, permitíndolles ás persoas operadoras, acreditar a dita circunstancia no mercado*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o proxecto de decreto polo que se regula a aplicación do sistema voluntario de etiqueta ecolóxica da Unión Europea na Comunidade Autónoma de Galicia. Esta disposición ten por obxecto establecer as normas para a aplicación de conformidade co establecido no Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da UE e do máis recente Real decreto 234/2013, do 5 de abril, polo que se establecen normas para a aplicación da dita norma comunitaria en España.

A crecente demanda xurdida en Galicia para a obtención da etiqueta ecolóxica da UE fai necesario levar a cabo o seu desenvolvemento normativo mediante a disposición mencionada, que se estrutura en catro capítulos: onde se recollen os preceptos relativos ao obxecto e ao ámbito de aplicación; o capítulo segundo contén a designación do órgano competente e detalla as súas funcións; o terceiro recolle as previsións correspondentes ao outorgamento da etiqueta ecolóxica de UE, así como a comprobación do mantemento dos requisitos e as súas eventuais prohibición e revogación; e, no capítulo cuarto, regúlase a adaptación dos produtos etiquetados ás modificacións dos criterios establecidos para o outorgamento do distintivo.

### **Ámbitos de aplicación**

Esta norma será aplicable a aqueles bens ou servizos subministrados para a distribución, o consumo ou a utilización no mercado comunitario, xa sexa mediante pagamento ou de forma gratuíta. Ademais deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Que o produto estea incluído nalgunha categoría que dispoña de criterios para outorgamento da etiqueta ecolóxica aprobados pola Comisión Europea.
- Que o produto proceda da Comunidade Autónoma de Galicia, fabricado ou prestado no su territorio, ou que se comercialice nel se procede de fóra.

No proxecto de decreto quedan excluídos calquera tipo de produtos sanitarios, en particular os medicamentos para uso humano definidos na Directiva 2001/83/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 6 de novembro de 2001.

O órgano competente en materia de etiqueta ecolóxica da UE será a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, que exercerá as seguintes funcións:

- Resolver o outorgamento da etiqueta ecolóxica da UE.
- Controlar e vixiar a correcta aplicación do sistema voluntario de etiqueta ecolóxica da UE no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Prohibir a utilización da etiqueta ecolóxica da UE ou, de ser o seu caso, revogar o seu outorgamento cando se dea algunha causa prevista no artigo 15.
- Iniciar ou dirixir a elaboración en revisión dos criterios da etiqueta ecolóxica da UE nos termos previstos polo artigo 7 do Regulamento (CE) 66/2010, do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2009, relativo á etiqueta ecolóxica da UE.
- Representar á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia nos órganos estatais e, no seu caso, comunitarios, en materia de etiquetaxe ecolóxica de acordo ao que se estableza na regulación vixente.
- Adoptar e propoñer medidas destinadas a promover o sistema voluntario de etiqueta ecolóxica da UE.
- Calquera outra que lle outorgue a regulación vixente do sistema voluntario de etiqueta ecolóxica da UE.

Este decreto contribúe a outorgar un maior protagonismo á ecoetiqueta nos procesos de contratación pública, xa que aquelas empresas que presenten este certificado terán un valor engadido e estimularase, mediante un efecto arrastre, o reverdecemento do mercado. Ademais, facilítalles a elección aos consumidores e usuarios que desexan reducir os efectos ambientais adversos e contribuír así a unha utilización eficaz dos recursos.

### **Características**

A etiqueta ecolóxica da UE constitúe un instrumento eficaz para orientar o consumidor cara a aqueles bens e servizos que acreditan revestir un menor impacto ambiental na súa comercialización e prestación, permitíndolles ás persoas operadoras (produtoras, fabricantes, importadoras, provedoras de servizos, maioristas ou minoristas) acreditar a dita circunstancia no mercado a través dun mecanismo verificado por organismos independentes e avalado pola Administración.

O sistema de etiquetaxe ecolóxica europea foi instaurado pola UE como un instrumento voluntario destinado a promover o deseño, a produción, a comercialización e a utilización de bens e servizos con menores repercusións no medio ambiente durante todo o seu ciclo de vida, proporcionándolles ás persoas consumidoras un distintivo que



lles permita identificar tales bens ou servizos no mercado. Para isto, a normativa comunitaria prevé que os Estados membros designen un organismo competente para o desenvolvemento dos cometidos relacionados coa etiqueta.

En Galicia, a Lei 1/1995, de protección ambiental xa esbozaba esta figura e remitía o seu desenvolvemento á Xunta, a pesar do cal non se chegou a aprobar ate a data a normativa galega necesaria para darlle plena operatividade en Galicia. O decreto aprobado enche este baleiro proporcionando ás nosas empresas unha valiosa ferramenta de competitividade no mercado nacional e europeo.

## **A XUNTA APROBA O DECRETO DE OCUPACIÓN PARA AS OBRAS DE ACCESO AO PORTO DE BURELA**

- *Con este trámite avánzase un paso máis para poder licitar esta actuación no 2014, tal e como se comprometeu o titular da Consellería de Medio Ambiente*
- *O departamento que dirixe Agustín Hernández destinará máis de 7,5 millóns de euros a esta infraestrutura*
- *A actuación terá un menor impacto visual e paisaxístico xa que o trazado irá practicamente en desmonte en lugar de discorrer por terraplén*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe, aprobou o decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón á urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción das obras de acceso ao porto de Burela.

O departamento que dirixe Agustín Hernández avanza un paso máis na tramitación desta infraestrutura, para cumprir co compromiso trasladado recentemente ao alcalde de Burela, José María González Barcia, de licitar esta actuación no vindeiro ano 2014.

Coa dispoñibilidade dos terreos, a Axencia Galega de Infraestruturas poderá sacar a concurso as obras, que implican un investimento de máis de 7,5 millóns de euros (7.662.180,56). Cómpre recordar que a tramitación desta actuación xa conta co proxecto aprobado e ademais concluíu o período de información pública.

Desde a Xunta de Galicia considérase necesario habilitar unha nova vía que permita a canalización do tráfico rodado derivado da actividade que produce o porto de Burela, facilitando e axilizando a circulación de vehículos pesados xerada por este e reducindo os riscos para a seguridade viaria, así como os impactos ambientais que produce o paso deste tipo de vehículos polo centro urbano.

Cómpre lembrar que o Goberno galego fixo unha serie de melloras, non só para que a actuación se adaptase ao planeamento urbanístico, senón tamén ambientais, xa que o paso do Feve se realizábase por abaixo (no proxecto orixinal realizábase con paso superior), o que permitirá un menor impacto ambiental, ao non eliminar as vistas ao mar, dado que irá practicamente en desmonte (no proxecto orixinal discorría en terraplén).

### **Descrición do proxecto**

O actual acceso á zona portuaria realízase polo centro do núcleo urbano, coas molestias e a perigosidade que isto supón tanto para os usuarios do peirao como para o propio núcleo de Burela. O Goberno galego é consciente da relevancia de mellorar este acceso, xa que o porto de Burela é un dos de maior volume de operacións dentro dos portos adscritos á Comunidade Autónoma de Galicia.

Co desenvolvemento destas actuacións definirase unha nova vía que permitirá unha nova canalización do tráfico rodado derivado da actividade que produce o porto de Burela, onde se facilitará e axilizará o tránsito pesado ao dito porto, reducindo os riscos e distorsións ambientais que conleva.

A nova vía enlazará a avenida Arcadio Pardiñas coa avenida da Mariña na zona portuaria, á altura da nova lonxa. Ten a súa orixe no p.q. 0+000 e finaliza no p.q. 1+260, ten, polo tanto, unha lonxitude de 1,2 quilómetros. O novo acceso discorre entre o acantilado e a liña do Feve, cruzándoa aproximadamente no p.q. 0+920. A infraestrutura conta cunha sección transversal con tres carrís de 3,50 metros e dúas beiravías dun metro.

A obra discorre fundamentalmente en desmonte, excepto no tramo final onde a glorieta na intersección coa avenida de Arcadio Pardiñas supón un recheo de pouca entidade.

A xeometría da estrada está totalmente condicionada pola orografía da zona e a presenza da liña do Feve, de tal xeito que a vía proxectada está completamente encaixada entre o acantilado e a liña de ferrocarril.

No que se refire a estruturas, o proxecto de acceso comprende as seguintes:

- Paso inferior baixo o Feve. Sitúase entre os p.q. 0+856 e 0+946
- Muros pantalla de pilotes entre os p.q. 0+821 e 0+856 e entre os p.q. 0+946 e 0+980, como prolongación do paso inferior baixo a liña do Feve para evitar que os derrames de terras invadan a liña
- Muro pantalla de pilotes ancorados ao terreo entre os p.q. 0+450 e 0+510, para contención da propia vía
- Muro pantalla de pilotes ancorados ao terreo entre os p.q. 1+060 e 1+120, para evitar a afección á estrada nacional
- Muros de entullo en zonas puntuais para garantir a estabilidade de noiros

As unidades principais de obra centraranse na escavación de 169.621 metros cúbicos e o estendido de mestura bituminosa en quente. O proxecto tamén inclúe traballos de restauración e acondicionamento paisaxístico, restauración de patrimonio histórico, drenaxe lonxitudinal e transversal e sinalización horizontal e vertical.

O presente proxecto beneficiará directamente unha poboación de máis de 9.500 habitantes do Concello de Burela. A poboación vese incrementada debido ao emprego que xera o porto e á afluencia turística que se xera sobre todo na estación do verán.



## **O CONSELLO DA XUNTA APROBA A DELIMITACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO NORTE, PORTUGUÉS, RUTA DA PRATA E FISTERRA AO SEU PASO POR COMPOSTELA**

- ***A Consellería de Cultura e Educación decidiu agrupar nun procedemento de delimitación conxunto estes catro tramos pola significación territorial, urbana, cultural e institucional do propio concello de Santiago***
- ***Con esta medida preténdese garantir a mellor protección dos lugares, edificios e paraxes polos que discorren esta rutas xacobeas***

O Consello da Xunta acaba de aprobar a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte (Ruta da Costa), Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela. O obxectivo desta medida é darlle seguridade xurídica a todos os que operan sobre o territorio, que deste xeito coñecerán con exactitude os ámbitos de afección dos Camiños de Santiago, e, pola súa vez, garántese a mellor protección dos lugares, edificios e paraxes polos que discorren estas rutas xacobeas.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria decidiu agrupar nun procedemento de delimitación conxunto estes catro tramos que discorren polo termo municipal de Compostela pola significación territorial, urbana, cultural e institucional deste concello e a súa condición singular por confluír nel seis rutas do Camiño de Santiago, así como a vertente territorial da protección deste ben de valor patrimonial excepcional.

### **Proceso**

O primeiro paso para a delimitación conxunta destas catro rutas ao seu paso polo termo municipal de Santiago foi unha Resolución do 21 de novembro de 2011 do director xeral de Patrimonio Cultural, onde se acordaba realizar un estudo específico para analizar dende un punto de vista integral a incidencia das rutas xacobeas sobre o territorio deste concello e o seu planeamento urbanístico.

Asemade, como vén sendo habitual, contrastáronse os estudos históricos e a información cartográfica, tanto a histórica como a actual. A continuación, para garantir que estes trazados se correspondían coas rutas tradicionais, a metodoloxía complementouse con diferentes prospeccións sobre o terreo e coa recollida de información entre os veciños.

Unha vez elaborado o trazado, foi exposto e contrastado co propio Concello de Santiago de Compostela, e someteuse á consideración do Comité Asesor do Camiño de Santiago, que acordou por unanimidade emitir informe favorable. Tras este proceso, e incoado o procedemento, abriuse un trámite de información pública de dous meses, durante o cal

os interesados puideron consultar o expediente (informe-proposta detallado, mapas, planos e un anexo fotográfico) e presentar alegacións.

### **Delimitación das rutas xacobeas**

Con este traballo, a Consellería de Cultura e Educación avanza na delimitación do trazado dos Camiños de Santiago, despois de que se aprobara a delimitación da trazado definitivo do Camiño Francés e o Camiño Primitivo ou de Ovedo. Nestes momentos, co Camiño Inglés e o Camiño Norte (Ruta da Costa) xa incoados, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural traballa na delimitación do trazado do Camiño Portugués, que se prevé que poida estar lista antes de que finalice o ano.

A delimitación oficial destas rutas supón unha aposta pola protección do patrimonio galego máis senlleiro, tanto desde o punto de vista da integración das infraestruturas incluídas no ámbito de protección dos trazados, como no que atinxe aos valores culturais e ambientais asociados a estas vías de peregrinación.

## **APROBADO O DECRETO DA NOVA CARTEIRA DE SERVIZOS Á DEPENDENCIA QUE PERMITIRÁ A GALICIA SER A COMUNIDADE MÁIS INNOVADORA NESTE EIDO**

- *A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha esta nova ferramenta no último trimestre deste ano e os primeiros servizos que ofertará serán os de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal*
- *Os recursos poderán configurarse nun “menú flexible”, de acordo coas necesidades do usuario, que os poderá combinar segundo as súas características e intensidades*
- *Con esta carteira, pasarase a acreditar por separado os distintos servizos (fisioterapia, lavandería...) que se prestan en cada instalación, e non nos propios centros, como se facía ata o momento*
- *Este cambio posibilitará optimizar os recursos dispoñibles, ampliar a súa oferta e diversificalos para adecualos ao perfil de cada persoa*
- *O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á normativa que regulará esta ferramenta*

A Consellería de Traballo e Benestar porá en marcha no último trimestre deste ano a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia. O Goberno galego deu hoxe un paso máis para o inicio do funcionamento desta ferramenta coa aprobación no Consello da Xunta do decreto que a regulará. Prevé que os primeiros servizos que ofertará a través da carteira sexan os de prevención das situacións de dependencia e promoción da autonomía persoal, xa que esta iniciativa prestará especial atención a estes recursos, tratando de achegar o máximo posible este tipo de servizos aos usuarios, co fin de evitar a súa deslocalización e desarraigo familiar e social.

A nova carteira de servizos para a atención á dependencia ampliará o modelo de atención actual con novos recursos, tendo en conta as características distintivas de cada grao de dependencia. Grazas a este novo modelo, Galicia será a primeira comunidade autónoma en desenvolver unha carteira específica de servizos en función de cada tipoloxía concreta de discapacidade. Polo tanto, defínense por primeira vez na Comunidade Autónoma os servizos atendendo á especialización dos colectivos a que van dirixidos como, por exemplo, alzhéimer, discapacidade física ou intelectual, dano cerebral ou parálise cerebral.

Este novo modelo de atención novidoso cambiará o paradigma da prestación dos servizos para as persoas con dependencia. Con esta modificación, pasarase do actual modelo, que acredita os propios centros, a un en que se acreditan os distintos servizos que pode prestar un determinado centro.

Así, por exemplo, nunha residencia ou centro de día, poderase acreditar non só o seu servizo de residencia asistencial; senón que será posible acreditar por separado outros

recursos como poderán ser o de lavandaría ou de fisioterapia. Isto suporá a optimización dos recursos dispoñibles, haberá unha maior oferta, personalizaranse e adaptaranse ás necesidades e o perfil de cada colectivo e haberá unha maior diversificación.

### **Acreditación de servizos**

Polo tanto, con esta nova carteira, acreditaranse os servizos sempre que cumpran os requisitos marcados para iso. Ata agora, o que se autorizaba era un centro como tal (residencia, centro de día, centro de alzhéimer ou centro de atención á discapacidade, por exemplo), polo que os requisitos de autorización eran menos específicos.

Pero agora, como se acredita cada servizo por separado, os requisitos pasan a ser máis definidos e específicos. Deste modo, a partir de agora, establecerase por cada recurso en concreto canto persoal ten que ter ese servizo, con que titulación ou con que frecuencia ten que prestarse (ata agora, os requisitos eran xerais para un centro, non por cada servizo).

Isto servirá, tamén para que poidan beneficiarse de determinados servizos non só os usuarios dos centros, senón os potenciais demandantes deste recurso en concreto que habiten no contorno. Isto é, unha residencia de asistencia seguirá prestando este servizo pero se, ademais, acredita un servizo de fisioterapia, non só atenderá aos seus propios usuarios, senón que tamén poderá atender outros usuarios externos, sempre que sexan dependentes e teñan unha proposta do seu Programa individual de atención (PIA) en que se estableza que precisan este recurso determinado.

### **Servizos específicos**

A oferta da carteira recolle, entre outros: servizos comúns e servizos específicos.

Os comúns son aqueles que se prestan a calquera persoa con dependencia recoñecida, pero sen un diagnóstico específico. Neste abano estarían, entre outros, os seguintes servizos: axuda no fogar, teleasistencia e xeolocalización, atención diúrna (modalidade básica e terapéutica); atención residencial (modalidade básica e terapéutica) e todos os servizos de prevención da dependencia e promoción da autonomía persoal.

Pola súa banda, os servizos específicos son aqueles deseñados para a atención ás persoas con dependencia debido a algunha causa específica: alzhéimer, discapacidade física, parálise cerebral, dano cerebral, discapacidade intelectual, trastorno do espectro autista e enfermidade mental.

Así, na carteira de servizos específicos do por exemplo, alzhéimer pode haber tamén un servizo de atención residencial (igual que existe un na carteira común), pero este servizo de residencia estará adaptado –en intensidade, persoal e en medios- a este diagnóstico. Deste xeito, os servizos de cada carteira terán un deseño específico adaptado a cada tipo de discapacidade.



Grazas a isto, o colectivo de persoas con discapacidade terá por primeira vez recoñecida unha serie de servizos específicos. Galicia convértese así na primeira comunidade autónoma en desenvolver unha carteira específica de servizos en función da tipoloxía concreta de cada discapacidade física, psíquica ou sensorial.

### **Barreira da idade**

Outro aspecto relevante da carteira é que con este novo modelo supéranse certos obstáculos administrativos. Destaca, especialmente, que se rompe a barreira da idade. Ata agora, esta barreira impedía as persoas menores de 65 anos –ou 60 nalgúns casos– con algunha situación de dependencia acceder a servizos que precisasen. Por exemplo, unha persoa por debaixo dos 60 anos cunha enfermidade dexenerativa poderá agora acceder a unha residencia. Pola contra, agora os usuarios poderán acceder a un menú de servizos flexible, unha especie de traxe á medida onde se poderán combinar os diferentes recursos existentes para a atención á dependencia dos usuarios.

En definitiva, a carteira de servizos suporá un salto cualitativo moi importante, que garantizará, especialmente, a personalización e calidade da atención. Ademais, abre o camiño cara á creación de novos servizos que na actualidade non se ofertan porque non están definidos, como poden ser a atención a domicilio para persoas xordas ou a atención residencial para persoas con demencia ou os centros ocupacionais para enfermidade mental.

### **Marco legal**

Actualmente, e unha vez aprobado o decreto, a Consellería xa está traballando na norma que o desenvolverá, é dicir, na orde que regulará as condicións para a autorización e acreditación dos servizos definidos polo decreto de carteira.

É preciso lembrar que a elaboración da carteira partiu dun estudo en profundidade da situación actual da oferta e demanda de servizos, que se realizou a través de máis de 600 enquisas a profesionais deste eido, ás cales se sumaron entrevistas con departamentos das áreas sociais e con persoas especializadas dos distintos sectores implicados.

En definitiva, coa nova carteira de servizos sociais, a Xunta reivindica a súa aposta pola excelencia na prestación de servizos de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas con dependencia.

## **A XUNTA DECLARA DE UTILIDADE PÚBLICA E URXENTE EXECUCIÓN A CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE OUBIÑA, NO MUNICIPIO DE CAMBADOS**

- ***Esta concentración suporá a reorganización da propiedade de 42 hectáreas divididas en aproximadamente 617 parcelas***

O Consello da Xunta declarou na súa reunión de hoxe de utilidade pública e urxente execución a concentración parcelaria da zona de Oubiña, 2º sector, no municipio pontevedrés de Cambados.

Esta concentración suporá a reorganización da propiedade de 42 hectáreas divididas en aproximadamente 617 parcelas.

A maioría dos propietarios da zona solicitan esta concentración co fin de potenciar o sector primario e recuperar superficie agraria útil. Este proceso suporá a mellora das explotacións agrarias existentes, dedicadas maioritariamente a horta e actividades vitivinícolas, coa conseguinte obtención de mellores rendementos económicos. Tamén favorecerá a calidade de vida dos habitantes do lugar, ao mellorar a rede de comunicacións existente.

O investimento da Consellería do Medio Rural e do Mar destinado á realización dos servizos técnicos e obras inherentes ao proceso de concentración sería duns 352.000 euros.

## **A XUNTA REDUCE Á METADE O CUSTO EN LICENZAS DE MICROSOFT**

- *A Administración autonómica aboará preto de 1,8 millóns de euros anuais por tres anos fronte aos 3,5 que pagaba en 2010*
- *Esta medida forma parte da estratexia tecnolóxica do Goberno galego en canto á xestión do software, reducindo o pagamento en licenzas de software propietario e apostando polo software libre cando sexa a solución máis competitiva*
- *A Axencia para a Modernización está a realizar este ano un estudo sobre o impacto da migración exclusivamente a ferramentas ofimáticas de software libre nos ordenadores dos empregados públicos*

A Xunta de Galicia reducirá nun 50% o custo das licenzas de Microsoft para toda a Administración autonómica. Fronte aos 10,5 millóns de euros que pagaba o Goberno anterior por tres anos de licenzas, a Xunta abonará a partir deste ano un importe máximo de 5,3 millóns de euros polo mesmo período de tempo. Así se recolle no proxecto de acordo aprobado esta mañá no Consello da Xunta.

É a segunda vez que o actual Goberno galego reduce o gasto en licenzas de Microsoft seguindo a liña iniciada en 2010, cando se reformulou a situación contractual herdada con esta empresa unificando todos os contratos das consellerías e organismos dependentes nun único contrato.

Nese momento conseguíuse que a media anual de pagamentos a Microsoft pasase de 3,5 millóns a 2,2 millóns, aforrando un 37%. Agora a Xunta reduce de novo este importe a menos de 1,8 millóns de euros por ano, incrementando a porcentaxe de aforro ao 50%.

As licenzas que se renovan son para sistemas que soportan múltiples aplicacións que dan servizo a toda a cidadanía.

Esta medida forma parte da estratexia tecnolóxica do Goberno galego en canto á xestión do software, reducindo o pagamento en licenzas de software propietario e apostando polo software libre cando sexa a solución máis competitiva.

### **Estudo sobre a migración a software libre**

A Administración está elaborando este ano un estudo que analizará o impacto, as necesidades formativas e a viabilidade da migración exclusivamente a ferramentas ofimáticas de software libre en todos os ordenadores dos empregados públicos da Xunta.

Este estudo é o paso previo necesario antes de poder elaborar un plan de migración e un avance no camiño iniciado en 2010, ao instalar en todos os novos ordenadores ferramentas ofimáticas de software libre en convivencia co software propietario.

Esta medida enmárcase nas actuacións de 2013 do Plan de software libre da Xunta. Este plan plurianual púxose en marcha por primeira vez na Administración autonómica hai tres anos, en colaboración cos axentes do sector, para impulsar o uso do software de fontes abertas (Floss) no sector empresarial, na sociedade en xeral e no sector público galego.

Desde a posta en marcha do plan duplicouse a porcentaxe de ordenadores con software libre na Administración autonómica, que pasaron do 46% en 2009 ao 94% no día de hoxe.

Ademais, o software libre en iniciativas estratéxicas da Administración autonómica como o Proxecto Abalar, a Rede de Aulas Cemit e en actuacións do eido da Administración electrónica permitiron un aforro de 3,7 millóns de euros no período 2010-2012.

## **O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA UN CONVENIO ENTRE AUGAS DE GALICIA, A DEPUTACIÓN DE OURENSE E O CONSORCIO DE VALDEORRAS PARA A XESTIÓN DA DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS NESTA COMARCA**

- *A Xunta comprométese a achegar o 75% do déficit previsto de explotación no servizo de depuración e a Deputación de Ourense o 25% restante*
- *Este consorcio é unha experiencia piloto da Xunta para avaliar os custos reais de prestación dun servizo de depuración con explotación de depuradoras e fosas sépticas e servirá para estendelo a outros puntos de Galicia*
- *Baixo este modelo de xestión explótanse as depuradoras da Rúa e do Barco, outras 9 pequenas que serven a núcleos de menor entidade e 160 foxas sépticas que necesitan mantemento para acadar os rendementos agardados*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre Augas de Galicia, a Deputación de Ourense e o Consorcio de Augas de Valdeorras para a xestión do servizo intermunicipal delegado de depuración de augas residuais na comarca de Valdeorras.

Trátase dun convenio en que a Xunta de Galicia se compromete a achegar o 75% do déficit previsto de explotación no servizo de depuración e a Deputación de Ourense o 25% restante. Ademais, este acordo pretende dotar de maior liquidez o Consorcio, xa que a Xunta anticipa 2/3 da achega correspondente aos servizos prestados na anualidade 2013.

O período que abrangue o convenio é de dous anos, tras os cales se avaliará a experiencia de cara a sacar conclusións que permitan o seu axuste e o traslado a outros ámbitos territoriais galegos.

O 30 de outubro de 2012 a Xunta de Galicia, a Deputación de Ourense e os concellos da comarca de Valdeorras constituíron o Consorcio para a ordenación e xestión dun servizo intermunicipal de depuración de augas residuais para os 27.999 habitantes dos 9 municipios que conforman esta comarca: O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, A Rúa, Rubiá, A Veiga e Vilamartín de Valdeorras.

O Consorcio de Augas de Valdeorras é unha experiencia piloto da Xunta para avaliar os custos reais de prestación supramunicipal dun servizo de depuración que inclúa a explotación das pequenas depuradoras e fosas sépticas e servirá de experiencia de cara a posibilidade de estendelo a outros puntos de Galicia.

A prestación do servizo sufrágase cunha taxa depuración equivalente ao coeficiente de vertedura da Xunta de Galicia, de modo que se poida avaliar a súa suficiencia para cubrir os custos do servizo nun ámbito territorial do rural galego. Dado que se trata dunha experiencia piloto, prevese que se produza un déficit de explotación, o cal será

coverto pola Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense a través deste convenio de colaboración.

Baixo este modelo de xestión explótanse as estacións depuradoras de augas residuais da Rúa e O Barco, outras 9 pequenas depuradoras que dan servizo a núcleos de poboación de menor entidade e ata 160 fosas sépticas que tamén necesitan dun mantemento para que acaden os rendementos agardados. Ademais, o Consorcio tamén xestiona o abastecemento e saneamento do concello do Barco de Valdeorras, polo que na cabeceira comarcal se encarga da xestión do ciclo integral da auga.

## **MEDIO AMBIENTE E O CSIC COLABORARÁN NA REALIZACIÓN E NO SEGUIMENTO DE ESTUDOS PARA O CONTROL E A VIXILANCIA DA CALIDADE DAS AUGAS COSTEIRAS DE GALICIA**

- *O importe deste convenio de colaboración ascende a 140.000 euros*
- *Os técnicos e investigadores de ambas as entidades utilizarán conxuntamente as infraestruturas e os materiais, así como o uso dos recursos científicos e técnicos e servizos de interese común*
- *O convenio inclúe a utilización do buque oceanográfico Mytilus.*
- *Medio Ambiente destaca que este tipo de colaboracións son accións firmes de loita contra o cambio climático*

O Consello da Xunta, na súa reunión de hoxe aprobou o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a axencia estatal do Consello Superior de Investigacións Científicas para a realización de estudos de control de calidade das augas costeiras de Galicia. Esta colaboración implica un investimento de 140.000 euros ata o ano 2015.

Deste xeito, o Instituto de Investigacións Mariñas e a Xunta de Galicia utilizarán conxuntamente as infraestruturas e os materiais, así como o uso dos recursos científicos e técnicos e dos servizos de interese común, de xeito que o persoal de ambas as entidades teñan garantido o acceso aos recursos dispoñibles, como é o caso do buque oceanográfico Mytilus.

Por outro lado, ambas as partes colaborarán en iniciativas conxuntas no campo da difusión pública do coñecemento xerado pola propia actividade investigadora.

Esta análise sumarase ás tarefas e estudos que a Subdirección Xeral de Metereoloxía e Investigación está a realizar actualmente para o control de calidade das augas, tanto continentais como mariñas, no ámbito das competencias da Rede de Observación Ambiental do Territorio. Así, amplíanse as zonas de estudo segundo os programas de seguimento para os efectos dunha avaliación continua e periódica do estado das augas mariñas costeiras de Galicia.

Tal e como se recolle no texto do convenio aprobado esta mañá, a Consellería comprométese a dotar do persoal investigador e técnico necesario para o desenvolvemento das actividades conxuntas. Comunicará o inicio das campañas de estudo e, en todo caso, con polo menos catro días hábiles antes da data de saída do buque, o plan da campaña previsto para a realización das mostras, a relación do persoal embarcado, así como a súa pertenza ás entidades das que dependen.

Pola súa parte, o CSIC comprométese a adscribir os medios humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento destes estudos, achegando a infraestrutura

necesaria para a realización das mostras pertinentes, como o buque oceanográfico Mytilus, coa súa correspondente tripulación, técnicos e equipamento científico que se atopa instalado a bordo.

Desde a Consellería de Medio Ambiente, organismo a que lle corresponde a xestión do sistema de observación ambiental -en que se inclúe a rede e o seguimento do estado ecolóxico das augas en Galicia-, destaca a realización deste tipo de colaboración porque representa una acción conta o cambio climático.

Tamén representa un aumento da eficiencia no emprego de recursos e materias primas, ao centrar esforzos na ecoinnovación, na investigación, no desenvolvemento de tecnoloxías sobre a auga, o seu uso nos medios rural, industrial, urbano e costeiro, con especial incidencia na preservación dos ecosistemas dos ríos, as rías e o mar.



## **A XUNTA DESTINA 500.000 EUROS PARA A PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS NOS SECTORES DA LOUSA E DO GRANITO**

- *O Consello da Xunta autoriza dous novos convenios cos clusters da lousa e do granito para a mellora das condicións dos traballadores expostos ao po de sílice*
- *Ambas as iniciativas intégranse nas actuacións levadas a cabo pola Consellería de Economía e Industria, que nos últimos cinco anos ten destinado máis de 3 millóns á prevención dos riscos laborais dos traballadores do sector*

A Xunta de Galicia está a desenvolver nos últimos anos diferentes proxectos cos sectores da lousa e do granito co obxectivo de reforzar o seu posicionamento como unha das principais industrias mineiras da economía galega. Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura de dous novos convenios de colaboración cos clusters da lousa e do granito que, no ámbito da prevención dos riscos laborais, suman 500.000 euros para a mellora das condicións dos traballadores na súa exposición ao po de sílice.

Así, o novo acordo de colaboración co Clúster da Lousa dará continuidade ao proxecto iniciado ao abeiro do anterior convenio, que permitiu a implantación dun moderno equipamento nunha fábrica do sector en Lugo. Tomando como base este traballo, e ante os bos resultados obtidos, procederáse agora á habilitación do mesmo sistema de nebulización nunha nave do sector en Carballeda de Valdeorras (Ourense), complementado o dito sistema con outro de renovación de aire proxectado. Deste xeito, espérase a diminuír dun modo significativo o risco derivado da exposición ao po de sílice.

O proxecto, para o cal a Consellería de Economía e Industria destina 350.000 euros, inclúe tamén a monitorización dos resultados, medindo a concentración de po de sílice nas novas instalacións antes e despois da aplicación das medidas. Deste modo, poderanse constatar os beneficios obtidos na primeira fase, difundíndose con posterioridade a información entre os axentes do sector.

Pola súa banda, o novo convenio coa Asociación Clúster do Granito de Galicia permitirá a realización dun estudo sobre a exposición ao po de sílice dos traballadores, analizando a evolución da silicose en Galicia nos últimos anos e avaliando a creación dun servizo de prevención mancomunado para o sector da pedra.

A través destes convenios, séguese a traballar en colaboración co sector na procura de iniciativas que fomenten as medidas de prevención para a eliminación dos riscos a través das novas tecnoloxías, mellorando as xa existentes e introducindo cambios nos procesos produtivos. Non en van, nos últimos cinco anos a Consellería de Economía e Industria leva destinados máis de 3 millóns de euros a través de distintas actuacións encamiñadas a diminuír a incidencia do po de sílice. Este impulso inclúese dentro dos

máis de 8 millóns de euros, que, nos últimos cinco anos, destinou a Consellería á prevención de riscos e ao apoio ao I+D+i do sector mineiro galego.

## **CULTURA E EDUCACIÓN, A FUNDACIÓN BARRIÉ E AS TRES UNIVERSIDADES GALEGAS AMPLÍAN A SÚA COLABORACIÓN PARA O IMPULSO DA FORMACIÓN E A MELLORA DAS COMPETENCIAS PROFESIONAIS DOS INVESTIGADORES GALEGOS**

- ***A Consellería asinará un convenio coas universidades galegas para que 357 investigadores poidan participar nos programas competencias profesionais para investigadores, en que se investirán 183.300 euros***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a Fundación Barrié e as universidades galegas ampliarán a súa colaboración para o impulso de diferentes accións para a mellora das competencias profesionais dos investigadores das tres universidades do Sistema universitario de Galicia (SUG). Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe luz verde á sinatura dun convenio coas universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña para participar na ampliación e consolidación dos programas de competencias profesionais para investigadores, desenvolvidos en colaboración coa Fundación Barrié. Deste xeito, o departamento de Vázquez Abad destinará un total de 183.300 euros -61.100 euros para cada universidade- á inclusión de 357 investigadores das etapas predoutoral e postdoutoral nestes programas para mellorar as súas competencias profesionais en diversas áreas.

Esta acción xorde porque é cada vez máis necesario dispor de sistemas de formación en competencias profesionais de carácter transversal que acompañen ao desenvolvemento da carreira profesional de calquera investigador: de competencias de comunicación, liderado e traballo en equipo que transcenden o propio ámbito científico e que facilitan a mobilidade profesional dos investigadores en todas as direccións (empresas, fundacións, administración,...) incrementando as oportunidades de emprego e o valor de retorno das súas investigacións.

### **Un paso adiante na investigación galega**

Desde o ano 2012 a Consellería de Cultura e Educación mantén un protocolo de colaboración coa Fundación Barrié para impulsar o programa dirixido a doutorandos Competencias para investigadores-Gradschool. A sinatura deste novo convenio permitirá a ampliación e consolidación deste programa ofrecéndolles aos investigadores das universidades galegas unha boa oportunidade para mellorar no ámbito profesional, incentivando a consolidación da actividade investigadora galega de maior calidade.

Este paso adiante no eido da investigación galega pretende establecer na nosa comunidade as mellores prácticas internacionais no campo da formación en competencias profesionais de natureza transversal, tanto para graduados, doutorandos e investigadores nas fases iniciais das súas carreiras (cos programas CompetexGalicia, GradSchool e Leadership in acción<sup>2</sup>, respectivamente). De xeito complementario, o

programa de competencias pretende a creación dunha rede propia de titores, supervisores e mentores que estean cualificados para guiar a carreira profesional e a formación do persoal investigador ao servizo das universidades (programas TutorTraining e Supervisor).

## **CULTURA E EDUCACIÓN INVESTIRÁ PRETO DE 8 MILLÓNS DE EUROS PARA DAR RESPOTA ÁS NECESIDADES DAS COMUNIDADES EDUCATIVAS DE OLEIROS E BETANZOS COA CONSTRUCIÓN DUN NOVO CEIP E UNHA EEI**

- ***O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación do expediente da contratación da obra do novo CEIP de Oleiros, que suporá un investimento de máis de 5,1 euros***
- ***A Consellería asinou este pasado luns o contrato coa empresa construtora da Escola Infantil de Betanzos e prevese o inicio das obras para a vindeira semana***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria investirá preto de oito millóns de euros para dar resposta ás necesidades das comunidades educativas de Oleiros e Betanzos (A Coruña) a través da construción dun novo CEIP na parroquia de Nós e dunha nova escola de educación infantil (EEI) na Cidade dos Cabaleiros. Deste xeito o Goberno galego dá resposta a unha demanda histórica da cidadanía destes concellos, cunha poboación escolar en pleno crecemento e fai unha clara aposta polo ensino público de calidade nun difícil contexto económico.

Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á tramitación do expediente de contratación da obra de construción deste novo CEIP de Oleiros, que será cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional nun 80%, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013. O novo colexio, que suporá un investimento de máis de 5,1 millóns de euros, albergará 18 aulas docentes, das que 6 serán de educación infantil –con cadanseu aseo- e as outras 12 destinaranse ao ensino de primaria. ademais haberá 1 aula de informática e outra de música, 4 aulas de apoio educativo, 1 aula de usos múltiples, biblioteca, ximnasio e comedor. A zona de administración estará integrada polos despachos da dirección, da xefatura de estudos e de coordinación e orientación, secretaría e arquivos, sala de profesores, ANPA, aseos e conserxaría. Como é habitual nos CEIP, o edificio contará coas correspondentes zonas de servizos comúns, almacéns, etc.

Respecto da EEI de Betanzos a Consellería asinou este pasado luns o contrato coa empresa construtora, prevendo o inicio das obras a vindeira semana. Nas previsións da Consellería barállase que o centro estea rematado antes do inicio do vindeiro curso escolar. A construción da EEI de Betanzos foi adxudicada por un importe de 2.874.202,33 euros, cun prazo de execución de 12 meses. O proxecto recolle a construción dun centro de 15 unidades, coa previsión, no propio proxecto, dunha ampliación nunha segunda fase ata acadar as 18 aulas, en función da demanda real existente. Deste xeito retómase a idea do proxecto inicial, despois de que no ano 2008 se reducira a 15 unidades.

## **CULTURA E EDUCACIÓN REFORZA AS ENSIANZAS DA FP GALEGA EN CENTROS PÚBLICOS A TRAVÉS DA RENOVACIÓN DA COLABORACIÓN CON TRES FUNDACIÓNS**

- *Renovarase a colaboración coa Fundación Laboral de la Construcción para que os estudantes do ciclo medio de carpintaría e moble que se imparte no CIFP Politécnico de Lugo poidan utilizar as instalacións e os equipamentos desta Fundación*
- *Tamén se renovará o acordo coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada para a formación práctica no ciclo de grao medio en carpintaría e moble, que se imparte no IES Antón Losada Diéguez da Estrada*
- *Así mesmo, os estudantes que estean a cursar no CIFP Ánxel Casal Monte-Alto (A Coruña) o ciclo de grao superior de FP en radioterapia poderán empregar as instalacións especiais da Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará para o vindeiro curso 2013/2014 a súa colaboración coa Fundación Laboral de la Construcción, coa Fundación de Exposición e Congresos da Estrada e coa Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia para a formación de alumnado de FP, coas cales asinarán as addendas correspondentes aos convenios, tras o visto e prace hoxe do Consello da Xunta. Desta forma, a Consellería demostra unha vez máis o seu compromiso cunha FP galega de calidade, procurando a mellor formación práctica do seu alumnado. Neste sentido cómpre salientar que o espazo e equipamento destas fundacións permítenlle ao alumnado dos ditos ciclos adquirir mellores competencias no desenvolvemento das tarefas relacionadas coas súas competencias profesionais.

### **Madeira, moble e cortiza**

A Consellería e a Fundación Laboral de la Construcción renovarán a súa colaboración para a formación de alumnado de formación profesional da familia de madeira, moble e cortiza, tras o visto e prace do Consello da Xunta á sinatura dun convenio entre ambas as partes para tal fin.

Así, alumnas e alumnos do CIFP Politécnico de Lugo, en concreto do ciclo medio de carpintaría e moble, poderán utilizar os espazos e o equipamento preciso, tal e como xa fixeron no curso 2012/2013. Os gastos específicos ordinarios de funcionamento serán asumidos pola consellería, que tamén achegará o persoal docente necesario.

Tamén en relación con esta familia da FP se renovará o convenio coa Fundación de Exposicións e Congresos da Estrada, para levar a cabo nas súas instalacións, de forma compartida co IES Antón Losada Diéguez, as ensinanzas do ciclo formativo de grao medio en carpintaría e moble durante o curso 2013-2014.

### **Radioterapia**

No caso da Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia José Antonio Quiroga y Piñeyro, a colaboración será para que o alumnado que curse ensinanzas da familia profesional de sanidade no CIFP Ánxel Casal Monte-Alto (A Coruña), en concreto o ciclo de grao superior de Radioterapia, poida desenvolver os módulos de fundamentos e técnica de tratamentos de teleterapia, e Fundamentos e técnica de braquiterapia nas instalacións da Fundación, que dispón do equipamento preciso para a impartición destes módulos. Así mesmo, a Fundación Centro Oncolóxico Rexional de Galicia achegará o profesorado especialista necesario para a impartición destas ensinanzas.

## **A CONTRATACIÓN DUN SERVIZO DE MANTEMENTO INTEGRAL PARA OS EQUIPOS DE ALTA TECNOLOXÍA DO SERGAS PERMITIRÁ UNIFICAR E GARANTIR A SEGURIDADE E A PROFESIONALIZACIÓN NESTE EIDO**

- *Substituiranse os numerosos contratos actuais por tres únicos contratos centralizados*
- *Entre os equipamentos de alta tecnoloxía inclúense os de tomografía axial computarizada (TAC); os de tomografía por emisión de positróns (PET); os de radioloxía e mamografía dixital; e os equipos de resonancia magnética*
- *A contratación dun servizo de mantemento integral permitirá un aforro do 4%*

O Servizo Galego de Saúde contrata para todos os seus centros asistenciais un servizo de mantemento integral de equipamentos de alta tecnoloxía co obxectivo de unificar e garantir a seguridade e a profesionalización neste ámbito. Este servizo é o conxunto de actividades, procesos, metodoloxía e recursos que se aplican para conservar o equipamento tecnolóxico e os seus compoñentes en condicións óptimas.

O obxectivo é conseguir a dispoñibilidade dos equipamentos o maior tempo posible e da forma máis eficaz e económica a longo prazo. Ademais, búscase prolongar a súa vida útil nas mellores condicións de uso para as prestacións asistenciais para as cales foron deseñados, mantendo os parámetros de seguridade tanto para os pacientes como para os profesionais, respectando os requirimentos do fabricante e as normas vixentes correspondentes.

Na actualidade existe unha gran variabilidade na xestión do mantemento deste equipamento nos centros sanitarios do Sergas, tanto nas coberturas dos contratos como nos niveis de servizo e dispoñibilidade exixidos e os seus custos, o que inflúe nos tempos de parada e na vida útil das máquinas e, consecuentemente, a necesidade de actualizacións, mantemento preventivo, pezas de recambio ou renovacións- non se atope optimizada.

### **Vantaxes**

Substituiranse os numerosos contratos actuais subscritos independentemente polos centros do Servizo Galego de Saúde e por Galaria por tres únicos contratos centralizados que fomenten as actividades de mantemento preventivo e predictivo, consecuencia do soporte remoto das máquinas mediante o emprego de sistemas de información e comunicacións.

Neste sentido, no total de custos asociados ao mantemento da alta tecnoloxía nos hospitais do Servizo Galego de Saúde, o gasto en contratos supón o 84% do gasto total. Así, o gasto en 2012 en contratos de mantemento do equipamento tecnolóxico foi de de 6.299.173,28 euros. A contratación do servizo de mantemento integral de equipamentos de alta tecnoloxía suporá unha diminución de aproximadamente o 4,06%,



tendo en conta que nesta redución se está a asumir o incremento do IVE do 18% ao 21%.

### **Alta tecnoloxía**

A alta tecnoloxía é considerada coma unha das variables que inflúen de forma decisiva na calidade do proceso asistencial, xa que se trata dun dos elementos fundamentais na cadea do diagnóstico e da terapia e posibilita unha correcta asistencia sanitaria en tempo e a forma.

O mantemento do equipamento tecnolóxico e dos seus compoñentes asociados é esencial para garantir a seguridade dos pacientes e dos profesionais que o empregan e para acadar unha xestión óptima dos propios equipos, co obxecto de optimizar a súa vida útil.

Entre os equipamentos considerados de alta tecnoloxía inclúense os de tomografía axial computarizada (TAC); os de tomografía por emisión de positrons (PET), os de radioloxía e mamografía dixital, as salas de radioloxía vascular intervencionista e neurorradioloxía, as salas de cardioloxía intervencionista e electrofisioloxía e os equipos de resonancia magnética.

O servizo que se vai contratar abarca a asistencia técnica, as pezas, os recambios, os elementos auxiliares, a man de obra, os desprazamentos, as axudas de custo, o transporte e demais gastos que podan derivar do seu cumprimento, así como a realización das actualizacións preventivas recomendadas polo fabricante.

Ademais, a cobertura do servizo de mantemento que se vai contratar inclúe -por primeira vez nun contrato deste tipo- a monitorización, o diagnóstico preventivo e a posibilidade de realizar actuacións mediante a conexión remota co equipamento. Preténdese deste xeito a anticipación ás posibles paradas non programadas dos equipamentos e, polo tanto, un acurtamento do tempo de reparación, o que permite acadar unha maior dispoñibilidade do equipamento de alta tecnoloxía.

## **A XUNTA INVESTIRÁ PRETO DE 2 MILLÓNS DE EUROS NA CONSTRUCCIÓN E EQUIPAMENTO DE 5 CENTROS DE DÍA NAS PROVINCIAS DE LUGO E OURENSE**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe os cinco convenios de colaboración*
- *Na provincia de Ourense, a Xunta investirá preto de 1,7 millóns de euros na construción e no equipamento dun centro de día en Leiro de 50 prazas; outro en Muíños de 40 prazas residenciais e 30 de atención diúrna; un terceiro en Montederramo con 24 prazas; e un cuarto en Cualedro, con 24 novas prazas*
- *Ademais, na provincia de Lugo, destinará máis de 200.000 euros na construción e no equipamento dun centro de día en Palas de Rei de 24 prazas de atención residencial e 25 de centro de día*

A Consellería de Traballo e Benestar investirá preto de 2 millóns de euros para a construción e equipamento de cinco centros de día en Leiro, Muíños, Montederramo e Cualedro, na provincia de Ourense; e en Palas de Rei, na de Lugo. En total, ambas instalacións sumarán 247 prazas: 198 na provincia de Ourense y 49 na de Lugo.

O Consello da Xunta autorizou hoxe os cinco acordos, que se inscriben no convenio de colaboración subscrito entre a Xunta e o Estado o 7 de maio de 2012, para a execución de accións en zonas rurais. Polo tanto, para a posta en marcha destes cinco centros, o Goberno central achegará unha contía igual á da Xunta, de xeito que o orzamento global ascenderá aos 3,7 millóns de euros.

No caso de Leiro, as 50 prazas estarán destinadas na súa totalidade á atención diúrna, grazas a un orzamento de 1 millón de euros, dos que a Xunta achegará 500.000. A partida está dividida en catro anualidades, isto é, ata 2016.

En Muíños haberá 40 prazas residenciais e 30 de atención diúrna, cun investimento de 180.000 euros neste ano 2013, dos que a metade corresponderán ao departamento autonómico; mentres que co Concello de Montederramo se asinará un convenio con vixencia ata 2016 para 24 prazas residenciais e 30 de atención diúrna, cun orzamento de 1,4 millóns de euros, 700.000 correspondentes á Xunta; e para Cualedro contarase cun convenio ata 2015 para a creación de 24 novas prazas e un investimento de 720.000 euros.

Pola súa parte, a infraestrutura de Palas combinará 24 prazas de atención residencial con 25 de centro de día, para o cal se investirá 400.000 euros, divididos á metade entre a Xunta e o Estado. O orzamento repartirase en dúas anualidades: este ano e o próximo exercicio.

Esta actuación inscríbese na aposta da Xunta por poñer máis e mellores servizos á disposición dos galegos e galegas e, especialmente, para aqueles colectivos que máis atención precisan, como son os maiores.

En concreto, na lexislatura anterior incrementáronse en case 900 as prazas residenciais (un 15 por cento máis das que había), ata superar as 6.650; mentres que as prazas de atención diúrna aumentaron en 1.443 (ao redor dun 150 por cento máis), ata acadar as máis de 2.500 actuais.

En total, a Xunta conta cunhas 9.500 prazas de atención a maiores (centros de día, residencias, e centros de día de alzheimer), unha cifra que supera nun 35,9 por cento a que había en 2009.

## **A XUNTA ESTÁ A PAGAR ESTE ANO NUNHA MEDIA DE 30 DÍAS AS SÚAS FACTURAS**

- *Galicia sitúase entre as administracións que paga con máis axilidade e mellora mesmo os tempos de hai un ano, cando estaba entornado os 50 días de media*
- *O nivel de pagamentos no primeiro semestre foi case 15 puntos mellor que a media de comunidades, segundo os últimos datos do Ministerio de Hacienda*
- *A Administración galega segue mantendo como prioridade o gasto de carácter social e a atención a pequenos provedores, autónomos e pemes*
- *Dende o 1 de xaneiro de 2013, levou a cabo preto de 118.000 pagamentos na Administración xeral e no Sergas por máis de 5.800 millóns de euros*
- *O pago máis antigo da Administración xeral en Tesouro é do 2 de setembro, e no Sergas é do 1 de agosto*
- *A Xunta continúa axilizando os pagamentos a farmacias, Risga e atención á dependencia e discapacitados*

A Xunta de Galicia está a pagar este ano no entornado dos 30 días de media as súas facturas correspondentes ao exercicio 2013, dándolle prioridade aos pequenos provedores, os empresarios autónomos, ás pequenas e medianas empresas e ás entidades sociais co fin de achegar liquidez a estes colectivos. No que vai de ano, a Administración autonómica atendeu pagamentos por un importe de 5.805 millóns de euros.

Segundo o informe presentado hoxe no Consello da Xunta pola conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, o Goberno galego formalizou dende o 1 de xaneiro de 2013 un total de 117.687 pagos, 32.362 da Administración xeral e 85.325 do Sergas. O tempo medio de pago das facturas da Administración xeral correspondentes ao actual exercicio situouse neste período en 31,4 días, fronte aos 49 días de media nos oito primeiros meses de 2012.

Ademais, os últimos datos do Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas indican que o nivel de pagamentos da Administración galega no capítulo de investimentos reais situouse no 71% ao peche do primeiro semestre, case 15 puntos mellor que a media das comunidades (56,8%). Galicia rexistra tamén un nivel de execución do orzamento de gastos superior á media, sendo a cuarta comunidade con maior porcentaxe de execución.

Os máis de 5.800 millóns de euros xa pagados pola Administración galega no que vai de ano permitiron atender gastos como as nóminas do persoal da Xunta; as universidades; a Risga ou o Fondo de Cooperación Local. En canto ao ámbito social, tamén se levaron a cabo os pagamentos correspondentes aos centros hospitalarios concertados; o pagamento da farmacia, e a atención á dependencia e discapacitados.

En conxunto, o pago máis antigo da Administración xeral en Tesouro é do 2 de setembro, e no Sergas é do 1 de agosto. No informe da Consellería de Facenda destácase que a cantidade aboada ata o momento a empresas, particulares e institucións por parte da Xunta representa case o 10,4% do PIB autonómico.

### **Solvencia**

A actual situación de liquidez da Comunidade galega deriva dunha orzamentación realista e prudente e do prestixio que ten nos mercados, algo que permite colocar con normalidade a débeda pública e atender tamén con normalidade os pagos a provedores.

De feito, Galicia non precisou utilizar o mecanismo estatal de pago a provedores posto en marcha polo Executivo central durante 2012, nin tampouco necesitou acudir á ampliación deste fondo aprobada este ano.

Ademais, Galicia foi quen de completar nun só trimestre o programa anual de endebedamento de 2013, o que a converteu na primeira autonomía en conseguilo. E tampouco precisou acudir ao Fondo de Liquidez Autonómico, un mecanismo habilitado polo Goberno central para as autonomía con problemas para obter financiamento, situación que non está a sufrir Galicia.

## **A XUNTA REMATARÁ EN OUTONO AS OBRAS DE MELLORA DA ESTRADA AC-840 (BETANZOS–AGOLADA) AO SEU PASO POLO CONCELLO DE MELIDE**

- *O Consello da Xunta foi informado da declaración de emerxencia desta actuación cuxo orzamento ascende a máis de 260.000 euros*
- *O trámite pola vía de urxencia está xustificado por mor do afundimento causado pola rotura dun colector de recollida de augas pluviais, que constitúe un grave perigo para a seguridade viaria*

O Consello da Xunta na súa reunión de hoxe foi informado da declaración de emerxencia da obra de reposición de servizos na estrada AC-840 (Betanzos – Agolada) ao seu paso polo concello de Melide (tramo urbano coñecido tamén como rúa Rambla de San Pablo). Trátase dunha mellora de seguridade que dará unha solución ao problema de afundimento rexistrado no p.q. 50+000 pola rotura dun colector de recollida das pluviais da estrada e do saneamento das rúas adxacentes.

Esta actuación da Axencia Galega de Infraestruturas foi adxudicada á empresa Construcións Leonardo Miguélez por un importe de 262.000 euros. A Xunta prevé que a obra estea rematada este mesmo outono.

Durante a execución dos traballos permanecerá cortado un dos carrís ao longo de 700 metros, aínda que se segue contando na práctica cun carril por sentido, posto que se usará o largo adicional dos carrís centrais de espera e o aparcadoiro da marxe dereita.

Este colector, constituído por un tubo de formigón, presentaba fisuras e afectou a estrada nun treito de 700 metros, polo que a obra que xa se está a executar pretende ser unha solución definitiva ao problema, nunha estrada en que a Xunta xa investiu 250.000 euros nos exercicios 2011 e 2012.

Así, procederase a reparar a focha e tamén á dotación de novas instalacións de saneamento (en 700 m) e abastecemento (en 375 m) xa que se determinou a probabilidade de que se produzan máis afundimentos, o que podería poñer en risco a seguridade viaria. As obras implicarán a construción dunha senda peonil na marxe dereita e o reforzo de firme entre os quilómetros 49 e 52.



A Consellería de Medio Ambiente sinala que o inicio de obra se retrasou para evitar unha maior afección no tráfico durante as festas de San Roque, entre o 12 e o 20 de agosto. No obstante, foi necesario que Espina y Delfín realizase un bypass nunha tubaxe de abastecemento que pasa pola zona de obras e que dá servizo a Melide.



## **A XUNTA ACTIVA A PRIMEIRA LIÑA DE APOIO A PROXECTOS DE INNOVACIÓN ESPECÍFICA PARA PEMES DOTADA CON CASE 14 MILLÓNS DE EUROS**

- *O programa Conecta Pemes, que mobilizará 25 millóns de euros, incentiva a innovación aberta mediante o cofinanciamento de proxectos de colaboración entre empresas e centros de coñecemento*
- *Os proxectos presentados deberán ter por obxectivo xerar tecnoloxías innovadoras de aplicación nas empresas, acreditando unha perspectiva de alto impacto económico que contribúa á competitividade e ao crecemento da economía galega*
- *A convocatoria complementa o programa Feder-Innterconecta, abrindo un marco de oportunidades para proxectos dunha contía económica menos elevada*

A Xunta de Galicia está a desenvolver unha estratexia integral de innovación que, coa participación de todos os axentes do Sistema galego de I+D+i, persegue actuacións prácticas que redunden nun incremento da competitividade do tecido empresarial galego. Neste contexto, a Axencia Galega de Innovación pon en marcha por primeira vez o programa Conecta Pemes, dotado con case 14 millóns de euros e cunha previsión de mobilización total de investimento que pode chegar ata os 25 millóns. O obxectivo é abrir un novo marco de oportunidades para proxectos consorciados complementario ao que ofrece o programa Feder-Innterconecta.

A nova liña incentiva a innovación para a mellora competitiva das pequenas e medianas empresas, fomentado o desenvolvemento de proxectos de colaboración entre un mínimo de 3 e un máximo de 6 empresas, e a participación de, polo menos, un centro tecnolóxico ou de investigación.

Estes proxectos terán que contar cun orzamento mínimo de 600.000 euros, o que cubre o tramo inmediatamente anterior ao mínimo exixido polo Innterconecta, dirixido a proxectos de máis de 1,5 millóns. Deste xeito, o Conecta Pemes configúrase como a vía idónea para o acceso á innovación de sectores cunha maior presenza de pequenas e medianas empresas, como o da biotecnoloxía, o téxtil, o audiovisual ou o granito, facilitando a súa participación en proxectos consorciados cun elevado impacto innovador. Foméntase así unha innovación aberta á investigación e á transferencia dos seus resultados ao tecido empresarial, incrementándose a competitividade das empresas galegas.

O programa ten por obxectivo apoiar proxectos que supoñan unha innovación disruptiva e que xustifiquen un alto impacto económico, polo que se valorará o novidoso das tecnoloxías xeradas, pero ademais, e moi especialmente, a súa capacidade para xerar rendibilidade no mercado e, en consecuencia, contribuír ao crecemento económico de Galicia. No caso de proxectos de investigación industrial, as pequenas empresas poderán beneficiarse de subvencións de ata o 60% e as medianas de ata o 50%,



mentres que no caso das iniciativas de desenvolvemento experimental as porcentaxes ascenden ata o 80% para as pequenas e o 75% nas medianas.

Coa finalidade de garantir a adecuada presenza dos centros tecnolóxicos e de investigación no desenvolvemento dos proxectos, a súa contratación debe supoñer un mínimo do 15% do orzamento total. Desta forma, o programa reserva máis de 4 millóns de euros da súa dotación ao financiamento de I+D e á transferencia de coñecemento aplicado desde estes organismos.

Os proxectos poden abordar calquera ámbito temático, considerándose especialmente os que actúen sobre áreas estratéxicas nas que Galicia posúe contrastada potencialidade: saúde; alimentación, agricultura e pesca e biotecnoloxía; tecnoloxías da información e as comunicacións; nanociencias, nanotecnoloxías, materiais e novas tecnoloxías de produción; enerxía; ambiente (incluído o cambio climático); transporte (incluída a aeronáutica); ciencias socioeconómicas e humanidades; seguridade, construción e enxeñaría civil e turismo.

As pemes galegas terán un mes de prazo, a partir da publicación hoxe da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), para solicitar as axudas, que permitirán o cofinanciamento de proxectos executados entre este 2013 e o primeiro semestre de 2015.

Así mesmo, autorízase a concesión de anticipos do 50%, o que optimiza a eficacia dos investimentos públicos en I+D+I, permitíndolles aos beneficiarios contar cunha parte importante das axudas con antelación, o que contribúe a unha mellora da súa liquidez.

A liña Conecta peme convócase no marco do Plan galego de investigación, innovación e crecemento (i2C) 2011-2015, en relación aos eixes estratéxicos de innovación como motor de crecemento empresarial, con especial foco na innovación aberta e na valorización do coñecemento.